



VENRES 22 DE MAIO DE 2020 MIRÓN

- Para rematar a semana propóñovos que xoguedes en familia a un xogo da Oca especial. Digo que é especial porque neste xogo non hai ocas, **hai vogais!** Tedes que tirar o dado e fixarvos moi ben na vogal que toque porque hai que cavilar moito para **pensar rapidamente nunha palabra que comece por esa vogal.** Permanece atentos aos puntos que ides ganando ao longo da partida. A ver quen é o vencedor!
- Trátase dun xogo **válido para as 3 idades** con diferentes modos de xogar dependendo do nivel, de tal xeito que os máis maiores teñan un pouquiño máis de dificultade. No **adxunto** explicovos as **instrucións** do xogo. Os diferentes **niveis por idades son orientativos**, así que podedes adaptalos en función do desenvolto que vexades aos nenos/as. Se precisan subir un pouco a dificultade pasades ao seguinte nivel, senón baixades.
- Tamén podedes **simplificar o xogo sen realizar a suma de puntos** que indican ascasillas. Simplemente movendo a ficha como indique o dado, dicindo unha palabra que comece por esa letra e ganando o primeiro que chegue ao final sen sumar puntos. Como prefirades e vos resulte máis cómodo.
- Agardo que vos divirtades moito durante a fin de semana xogando á oca das vogais! Mandádeme algunha foto para ver que tal se vos deu o xogo.



Grazas, forza e ánimo.

